

Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta de sesión ordinaria da Comisión
de Normalización e Dinamización
Lingüística
3 de febreiro de 2017**

Asistentes:**Presidencia**

Susana Rodríguez Barcia

Membros da CNDL**PDI**

Ana Bringas López

Xavier Gómez Guinovart

Nuria Yañez Bouza

Desculpan (PDI)

Xosé Antonio Fernández

Salgado

Rexina Rodríguez Vega

Iván García Fuentes (Sector
alumnado)**Non asisten**

Manuel Fernández Cruz

(Sector PAS)

Acta da sesión ordinaria da Comisión de Normalización e Dinamización Lingüística da Facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 3 de febreiro de 2017 na Sala de Xuntas da Facultade

Ábrese a sesión ás 13:15h

ORDE DO DÍA**1. Aprobación, se procede, da acta da comisión celebrada o 28 de setembro de 2016.**

Apróbase por asentimento.

2. Proposta de actividades.

A profesora Ana Bringas propón dúas actividades para os meses de febreiro e abril de 2017.

2.1. A primeira actividade trátase dun acto conmemorativo do día de Rosalía de Castro. Propón un recitado de poemas por parte de María Lado e Lucía Aldao no edificio central da FFT. En espera de confirmación das persoas invitadas, o día proposto é o 22 de febreiro. O acto está financiado pola Área de Normalización Lingüística e pode vincularse tamén a algunha exposición realizada na biblioteca. Apróbase por asentimento.

2.2. A segunda proposta de Ana Bringas é unha charla de Marcos Maceira, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, na que se presentaría a *app*, e a web homónima, “Liña do galego”. Trátase dun servizo gratuito ofrecido pola Mesa pola Normalización Lingüística que atende consultas sobre dereitos lingüísticos e tramita queixas cara ás institucións, empresas e outras entidades que os vulneran. Tamén canaliza parabéns da poboación a empresas e institucións que garanten os dereitos do galego. Xustamente a charla de Marcos Maceira iría encamiñada cara a esa última faceta máis positiva da ferramenta. A data proposta é un día da primeira semana de abril, posiblemente o martes 4. Necesitaría reserva do Salón de Graos. Non precisa de financiamento. Apróbase por asentimento.

O profesor Xavier Gómez Guinovart intervéñ para abordar unha iniciativa que xa se iniciou no primeiro cuadrimestre e que terá continuidade no segundo cuadrimestre e, espérase, que en cursos próximos. Trátase do obradorio de regueifa impartido xa pola asociación ORAL, que tras a primeira fase de formación tería agora unha segunda fase de exhibición a modo de acto no que se

incentivaría a participación con agasallos da Área de Normalización Lingüística, que tamén estaría encargada de financiar o acto. Trataríase dun espectáculo aberto que se desenvolvería no Salón de Actos da FFT. Esta actividade enlazaría cos intereses da literatura oral galega pois se traballa a improvisación oral en verso. Está plantexada para marzo de 2017. A Comisión aproba esta actividade por asentimento.

3. Rolda aberta de intervencións.

A profesora Nuria Yáñez pregunta se haberá actos no Día das Letras Galegas promovidos pola Comisión de Normalización Lingüística. Xavier, Ana e Susana comentan que por parte da comisión non hai propostas, pero que poden saír iniciativas do Departamento de Filoloxía Galega e Latina.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14: 11 h.

Vigo, 3 de febreiro de 2017

Visto e prace da Presidenta
da Comisión (Vicedecana de
Calidade)

Susana Rodríguez Barcia

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada,
sen alegacións, na reunión ordinaria da Comisión de Normalización C
e Dinamización Lingüística celebrada o día 6 de xullo de
2017.

A Vicedecana de Calidade da Facultade de Filoxía e Tradución

Susana Rodríguez Barcia

